



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
SAXAMONDE
14 DE OUTUBRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta anterior**
- 2.- Actuacións na parroquia**
- 3.- Varios**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil quince, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Lucas Alonso
AER.- J. Roberto Darriba Ferradás
BNG.- Xoan Carlos González Campo
PP.- Eva Monteagudo Martínez

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS

José Antonio de la Iglesia Godoy
José L. Tornero López

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel José Moldes Senra
Félix Vila Alonso
Óscar Manuel Corugeira Rodríguez

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

María Luz Viñas Otero

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Manuel Álvarez Bernárdez
Ricardo Martínez Fernández

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

- 1.- Aprobación acta anterior**



Sométese á votación a acta da xuntanza celebrada en data 24 de febreiro de 2015.

José L. Tornero López di que na folla número dous onde dí: Sométese á aprobación a acta de data 16 de decembro de 2015, debe dicir: Sométese á aprobación a acta de data 16 de decembro de 2014.

Félix Vila Alonso di que na folla 7 no punto u) onde di: camiño Romano á altura do número 2, debe dicir: camiño Romano á altura do número 15.

Realizadas as correccións, a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coa abstención de: María José Barciela Barros, Lucas Alonso, Óscar Manuel Corugeira Rodríguez, José Antonio de la Iglesia Godoy e José L. Tornero López, por non teren asistido á xuntanza.

2.- Actuacións na parroquia

A Presidenta informa que os orzamentos participativos non foron aprobados, polo que non se van a realizar.

Félix Vila Alonso pregunta se non se van a realizar os traballos que se pediron para a parroquia.

J. Roberto Darriba Ferradás di que aínda que non se aprobaron os orzamentos hai moitas cousas que se están a facer, como os convenios, aos que se lle atopou solución, asemade no Pleno díxose que se ía buscar unha alternativa. Quedárase de desenvolver unhas bases para o reparto dos participativos e aínda non se fixo nada.

A Presidenta informa que no Concello se está a traballar cun orzamento prorrogado. Había un proxecto para o saneamento de Padrón, que está mal feito porque o nivel non da. Con este proxecto só se engancharían catro vivendas e outras terían que engancharse xunto á marmolería. Habería que baixar por unha finca particular ata o río, pero sería un novo proxecto e habería que pedir permiso a augas de Galicia.

Félix Vila Alonso pregunta se o proxecto foi externo ou dun/ha técnico do Concello.

A Presidenta e Xoan Carlos González Campo din que foi externo.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se se pode traer ese proxecto ao Consello Parroquial. A Presidenta di que si.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez pregunta se se vai enganchar a casa da marmolería. Pregunta tamén pola nota de prensa que saíu a finais do ano



pasado que informaba de saneamentos para seis parroquias e Saxamonde está tercer mundista.

A Presidenta di que o pozo non da porque é moi superficial e para levalo ao cruce habería que bombealo, pedindo autorizacións. Asemade un pozo con bombea para catro casas non é viable.

A Presidenta di que Saxamonde non é a peor parroquia de Redondela, que é normal que o Consello pida para o seu, pero por exemplo Trasmañó está moito peor. Está feito o proxecto dos Valos e que se vai facer para o ano.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se o saneamento do Souto forma parte dunha adxudicación por lotes.

A Presidenta di que ía nun da Deputación de 53.000 euros e que o traerá ao próximo consello.

José L. Tornero López di que o día 9 mantiveron unha xuntanza co Alcalde sobre o saneamento dos Valos porque había un proxecto visado polo técnico municipal e tiña problemas coas cotas de arranque e estíbese a modificar.

A Presidenta di que falta aclarar co arquitecto municipal algunhas pequenas cuestións e pedir a autorización a Fomento, co que non vai haber ningún problema.

Félix Vila Alonso pregunta se xa se pediu.

A Presdienta informa que aínda se vai pedir, pero que a obra é para o ano.

José L. Tornero López di que hai unha subvención da Deputación á que se ía renunciar de 53.000 euros.

A Presidenta di que é a obra do Souto.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez di que se podería meter un colector pola parte de abaixo. A Presidenta di que se colles as casas e baixas non é fácil e habería que levar a un/ha topógrafo/a e pedir permiso a Augas de Galicia.

José L. Tornero López di existe ou non o informe da parroquia que o concelleiro se comprometera en pedir sobre o saneamento da parroquia. Propón que ese informe se traia ao consello parroquial, xa que así sería máis doado traballar.

Xoan Carlos González Campo di que durante catro anos o PP non fixo nada de saneamento e o proxecto de 53.000 euros, que era o de máis embergadura, xa se falara del hai dous anos. Agora estase co dos Valos do que todavía falta



o permiso de Fomento, que pode tardar un ano ou ano e medio, asemade hai proxectos que xestionou o PP e para os que Fomento non lle deu permiso. Que a prioridade do equipo de goberno son os parques e non o saneamento. Sobre os participativos, aínda que non foron aprobados os orzamentos o Concello ten eses cartos.

J. Roberto Darriba Ferradás di que se poden facer as obras, xa que hai orzamento só fai falla levantar o reparo. O informe do saneamento o ten que facilitar Aqualia que é unha das funcións que figura no contrato, só habería que cruzar os datos cos do padrón municipal.

A Presidenta pregunta se non hai asociación de veciños que teña os datos dos que non teñen saneamento, noutras parroquias traballo moi estrechamente con eles, mirará as zonas nas que falta o saneamento. Informa que os anteriores dixeron que quedaba todo o saneamento feito e non era verdade, e algúns que fixeron estaban mal, en canto aos parques todos os deixaron podres.

Félix Vila Alonso pregunta polo saneamento da zona de debaixo da igrexa porque non saben que casas engloba.

A Presidenta di que traerá ao próximo consello as zonas que faltan e elixiranse as zonas.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta pola situación do colexio de Quintela, xa que no consello escolar se acordou que se fixera un estudo de accesibilidade con prioridade no colexio de Quintela e no IES Mendiño, e quería saber se se fixera algunha xestión con Educación.

A Presidenta di que foi alí e os niveis están mal, levou unha persoa con ela, pero lle dixo que os niveis para a obra os tiña que sacar un/ha técnico/a e se lle trasladou a Ensino a semana pasada.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se hai algunha petición a Educación, e se a hai que se traia ao consello. Di que a solución é simple facer unha rampa onde están os dous pasos na parte de atrás e facer unha ampliación porque hai terreo dabondo. Pregunta tamén polos contedores de vidro para o centro.

José L. Tornero López di que do que se solicitou na acta anterior non hai case nada feito. O wifi arranxouse a semana pasada, colocouse un espello no Camiño do Castelo e un sinal de camiño cortado detrás da fábrica do Casas.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta polo panel que se pedira.

Félix Vila Alonso di que o ano pasado se comprometeran dous paneis cando se fixeran os participativos a correr en decembro.

A Presidenta di que non hai orzamento para paneis.



CONCELLO DE REDONDELA

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta polo alumeado do Coto.

Lucas Alonso di que no funciona e os postes son de segunda man.

A Presidenta di que se sacoron doutros lugares e se están ben se poden aproveitar.

Lucas Alonso di que se están ben por qué non se poñen no centro de Redondela.

A Presidenta di que falará cos electricistas para que pasen por alí a arranxalo, pero que calquera veciña/o pode chamar ao Concello para dar aviso.

Óscar Manuel Corugeira di que é camiño de paso e non hai veciños que vivan por alí. Pregunta por qué non se poñen luces led.

J. Roberto Darriba Ferradás pide que se lle encargue aos técnicos que elaboren un informe sobre ese tramo e se traia ao consello parroquial.

Félix Vila Alonso pregunta se se poden poñer luces brancas.

A Presidenta di que hai dous ou tres proxectos que fixo o técnico con luces amarelas e o que se ten que poñer en cada caso o sabe el.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta polo camiño dos Frades, se xa se lle fixo algunha solicitude a Fomento para tratar a súa saída cara a Redondela.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez di que non lle parece lóxico que os camións teñan autorización para a saída e os coches non.

A Presidenta di que non teñen autorización.

Xoan Carlos González Campo di que incluso se multou ao autobús escolar.

A Presidenta di que se tratou verbalmente con Fomento o tema dos peóns na recta do Muro.

Manuel José Moldes Senra di que ademais se trata dunha zona do camiño de Santiago con moitos peregrinas/os.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta polas fontes de San Román e do Preto que quedaba pendente de arranxo.

A Presidenta di que na de San Román hai un plataneiro que desmonta a fonte e as pedras.



Félix Vila Alonso di que debe prevalecer o patrimonio e que se debería cortar a árbore. Pide que o Concello indique se está en terreo público ou privado.

A Presidenta indica que está inventariada.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta polo ensanche na estrada Casal do Monte porque xa había proxecto e había un pequeno problema con dous veciños que non querían ceder.

A Presidenta informa que se enviou o borrador a RENFE, que di como ten que ser a obra hai unha zona que é un funil e haberá que falar cos/as veciños/as, xa que RENFE di como teñen que ser os viais.

Félix Vila Alonso di que existe un escrito presentado no rexistro do Concello de todos/as veciños/as menos un.

J. Roberto Darriba Ferradás di que se o problema é un/ha veciño/a se pode expropiar e así poder facer a obra.

A Presidenta di que RENFE obriga a facer agora viais de oito metros e antes eran seis.

J. Roberto Darriba Ferradás di que se o PXOM se estrutura ben haberá que ver se o vial é dun ou de dous sentidos.

Xoan Carlos González Campo di que agora para calcular os metros de ancha da estrada se teñen en conta os vehículos e as beirarrúas.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se o camiño da Caranquexa é público ou non, porque está pendente de limpar.

Félix Vila Alonso di que era un camiño de paso.

A Presidente di que o teñen que limpar os veciños se non está asfaltado.

Xoan Carlos González Campo di que o criterio de limpar só por onde pasan vehículos é lioso.

J. Roberto Darriba Ferradás di que a senda da auga se limpa e non está canalizada.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez di que se quedara de comprobar se era público ou privado, e se era público se limpaba.

A Presidenta di que o que hai que limpar son as cunetas e estradas que dan ás vivendas.



Félix Vila Alonso e Xoan Carlos González Campo din que as/os veciñas/os limpan as cunetas.

Félix Vila Alonso di que tamén teñen que limpar o que limpou o Concello. Este problema falouse coa concelleira actual cando foron limpar o Souto e deixaron o desbroce na cuneta. O concelleiro dixo que habería que esperar a que a empresa rematara, pero hai zonas na que todo quedou nas cunetas.

J. Roberto Darriba Ferradás di que é unha queixa xeral.

A Presidenta di que tiveron problemas coa empresa e de catro facturas só se lle pagou unha. Non foi por non esixirle, xa que o encargado de vías e obras andivo enriba deles. Falouse incluso coa secretaria para cambiar as bases para que o ano que ven se mellore o servizo. Este ano a empresa fixo unha oferta moi baixa por kilómetro, e se quere corrixir isto para que non volva a pasar.

Félix Vila Alonso di que o principal problema é que se deixa alí todo o que se desbroza.

A Presidenta di que se quere mellorar a limpeza de regos.

Manuel José Moldes Senra di que hai que mellorar a limpeza da senda da auga.

Xoan Carlos González Campo di que na mesa de contratación na que están todos os partidos o BNG propuxo que cos 80.000 euros se podía contratar persoal do Concello. O prioritario é limpar os regos, moitas/os veciñas/os teñen que limpar os seus pola zona que pasou a empresa.

A Presidenta di que non é viable ter persoal do Concello para desbroce porque non só é o persoal se precisa tamén de maquinaria e vestiarios.

Xoan Carlos González Campo di que o persoal municipal tivo que limpar por onde pasou a empresa.

A Presidenta di que só nas parroquias.

Félix Vila Alonso pregunta polo calexón da Estrela que é un camiño pequeno de 20 metros.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se o camiño Souto é público ou privado.

Manuel José Moldes Senra di que o punto de luz xa está posto.

Sendo as 21:45 Manuel de la Iglesia Godoy e Manuel Álvarez Bernárdez abandonan a xuntanza.



Félix Vila Alonso di que se puxo o punto de luz, pero aínda non se dixo se o camiño era público ou privado.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta polo muro do camiño do Pazo se é de obras públicas e se se pediu permiso. Pide que se facilite ao consello parroquial un CD onde están os planos da parroquia coas fontes e os camiños.

Xoan Carlos González Campo di que nun Pleno hai quince días se aprobou o inventario de bens públicos, que se levarán aos consellos e xa se estivo exposto.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez di que sería un bo instrumento para marcar as traídas.

A Presidenta di que se pode pedir no Concello.

Félix Vila Alonso di que se pediu no consello parroquial.

José L. Tornero López di que na xuntanza co Alcalde falouse do saneamento e da rotonda dos Valos para traer a información sobre as xestións feitas e sobre a súa inviabilidade por estar nun cambio de rasante. O máis importante é que se fan xestións se traian ao consello parroquial. Se algo se pode ou non se pode facer hai que decilo e explicallo. No camiño do Castelo botouse xabre e como non se recollen as augas é tirar cos cartos porque coa chuvia se desfai todo, xa se falou co concelleiro de Medio Ambiente.

A Presidente di que para o ano haberá que facer outro avance, esta obra vai por tramos, hai dous anos metéronse os tubos.

J. Roberto Darriba Ferradás di que nuns tramos se fixo ben e noutros non.

Xoan Carlos González Campo di que o BNG pediu que se contemplaran 600.000 euros nos orzamentos do estado para a rotonda dos Valos. Fomento dixo que non, se o Concello o pediu por escrito e a través dun acordo plenario, hai que esixirlle a Fomento que o responda por escrito. Se hai un escrito e o Concello non o trouxo ao consello parroquial, nin o achega aos grupos municipais está sendo desleal con eses órganos.

En xuño celebráronse ludotecas, dende que está o PP se crearon uns requisitos que deixaban fóra a nenas/os da parroquia. Houbo unha queixa dun veciño porque o seu fillo quedou fóra, se se pide a colaboración dos centros culturais da parroquia non poden quedar nenas/os desa parroquia sen a actividade.

Asemade se lle metou xabre a un camiño por petición dun veciño e o camiño quedou como estaba.



A Presidenta di que houbo un veciño que tiña un problema e parecía non se de moita embergadura, así que o anterior concelleiro mandou arranxar algo que parecía moi pequeno. Xurdiron problemas, tirouse un muro houbo que repoñelo e se tivo que botar zahorra porque se non se facía aquilo ía ser unha lamada.

J. Roberto Darriba Ferradás di que nestes casos sería conveniente poñerse en contacto cos representantes veciñais.

José L. Tornero López di que no ano 2014 fíxose un cronograma dos consellos parroquiais. Debería traerse ao consello parroquial os investimentos que se teñen previstos facer na parroquia.

A Presidenta di que os investimentos dependen tamén do que subvencionen outras administracións e que o importante é saber o que se quere facer e que se vaian facendo os proxectos.

Félix Vila Alonso di que non entende que ocorre cos cartos dos participativos e se non se poden facer as obras que estaban previstas.

A Presidenta di que non se dispón para gasto corrente.

J. Roberto Darriba Ferradás di que hai outra maneira de facelo, coma cos convenios, e salvando reparos.

Xoan Carlos González Campo pregunta pola modificación do regulamento que se debería traer a este consello, xa que se aprobou na xunta de portavoces a súa modificación a través dos consellos parroquiais.

José L. Tornero López propón que dende o consello parroquial de Saxamonde se solicite información ao Concello de Redondela sobre o destino dos cartos dos orzamentos participativos que non se van a investir na parroquia de Saxamonde no ano 2015.

A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez pregunta polo camiño de ven de San Esteban de Negros.

A Presidenta di que está bastante ancho e que hai que estar pendente de RENFE.

Félix Vila Alonso pregunta porque non se arranxa este camiño.

Xoan Carlos González Campo di que ata que non se aprobe o PXOM non se pode facer ningún vial.



CONCELLO DE REDONDELA

Ás 10.45 horas Lucas Alonso avandona a xuntanza.

Félix Vila Alonso pregunta se non se pode poñer un panel.

A Presidenta di que non porque é investimento.

Ás 10.50 horas Eva Monteagudo Martínez avandona a xuntanza.

Félix Vila Alonso pregunta polo punto g) da xuntanza pasada que era cambiar a cor dunha varanda porque de noite non se ve.

A Presidenta informa que é a mesma cor ca das varandas das outras parroquias, pero que verá o lugar para cambiala.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.